



Mariluz Álvarez Lastra, Concelleira de Cultura do Concello de Ribadeo, ten o pracer de convidar a Vostede e á súa Agrupación/Asociación á presentación do libro "Da Capo, una historia real", de Adriana Aramburu Peña, e da obra musical baseada no mesmo, de Juan Lois Diéguez, que terá lugar o vindeiro 13 de outubro de 2012 ás 20:00 h. no Auditorio municipal Hernán Naval de Ribadeo.

Intervirán:

Adriana Aramburu Peña, autora do libro
Ana Julia Martínez Fari, da Editorial Atlantis
Juan Lois Diéguez, compositor da obra musical

Adriana Aramburu Peña

Nace un 11 de Diciembre de 1982 en Ribadeo (Lugo), escenario no que se sitúa a súa primeira novela "Da Capo". A súa afección pola fotografía lévaa no 2002 a estudar Imaxe en Asturias onde da os seus primeiros pasos traballando na Televisión local de Xixón. En 2003 realiza unha exposición fotográfica en Oviedo con motivo do acésit no certame de Fotografía Injuve.

En 2004 trasládase a Castela e León para cursar estudos de Xornalismo na Facultade de Filosofía e Letras de Valladolid ampliando así a súa formación no sector da comunicación e adquirindo coñecementos que lle serviron para poder desempeñar diferentes traballos e para seguir crecendo profesionalmente.

Juan Lois Diéguez

Nace en Agolada (Pontevedra), no ano 1980. Estudou nos Conservatorios de Lalín, Santiago de Compostela e Vigo. Foi membro da Banda de Agolada, Banda de Lalín e da de Silleda. Ós 15 anos ingresa na Banda Municipal de Lugo.

No ano 2002 obtén praza na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia. Formou parte da Orquesta de Cámara de Lalín e Orquesta de Práctica Orquestal da Sinfónica de Galicia. Colaborou tamén coa Orquesta de Cámara Galega, Orquesta Clásica de Vigo, Xoven Orquesta Sinfónica do Principado de Asturias, English Chamber Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia.

Estudou e realizou Cursos con mestres coma: José Rodríguez Ramos, John Aigi Hübn, e Stanley Curtis, entre outros.

Entre os anos 1996 a 2002 foi subdirector da Banda de Música Municipal de Silleda e director da Escola de Música Municipal. Dende o ano 2002 ó 2010 foi director da Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla, e Director Titular da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla. Traballou tamén na Escola Profesional de Música de Viana do Castelo (Portugal) e na Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela.

Compaxinou os seus estudos traballando de operadora de cámara en axencias de comunicación en Castela e León. Continuou a súa preparación en diferentes medios como a revista dixital de viaxes e turismo "Expreso" e a Televisión Autonómica de Galicia. Colaborou en varias curtametraxes como cámara e axudante de produción. En 2008 impartiu o curso de Iluminación e Cámara para alumnado de primeiro de periodismo da Universidade de Valladolid. Realizou ademais cursos de Comunicación Especializada en Periodismo Deportivo, Economía Audiovisual ou Diseño e Maquetación de periódicos entre outros.

Actualmente reside en Madrid.

Actuou baixo a batuta de prestixiosos directores como Marcel van Bree, Henrie Adams, James Ross, Lorenzo Ramos e tamén ten acompañado a solistas de talla internacional como Sergei Krylov o Ewa Poblocka entre outros. No ámbito da composición conta no seu haber con diferentes pezas populares, así como obras para Banda Sinfónica. Ten recibido encargos de agrupacións tales como a Nova Banda de Vilatuxe, Banda de Música Municipal de Agolada, Banda de Música de Caldas de Reis, Banda Cultural de Salceda de Caselas, Banda de Música de Pontevedra, Banda de Música Municipal de Silleda ou a agrupación Musical de O Rosal. A súa primeira obra de cámara estreáase dentro do Ciclo "Galego Hoxe" e é interpretada por Javier Simó Echarte, trompeta Solista da Real Filharmonía de Galicia. En Abril de 2010 foi seleccionado como Director Asistente da Banda Municipal de Barcelona. Na actualidade compaxina a súa labor de profesor instrumentista da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela coa Dirección Titular da Banda de Música de Pontevedra.